

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Pesca,
Acuicultura e Innovación TecnolóxicaEdificios Administrativos San Caetano, s/n,
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740

Examinados os informes técnicos correspondentes, onde se constata que a partir do mes de xuño a porcentaxe de individuos xuvenís capturados incrementábase nun 80% respecto a meses anteriores, nos que se recomenda limitar o emprego das diferentes artes de pesca nas zonas máis interiores das rías (por dentro do anexo III), e consultado o sector na zona, esta Dirección Xeral

RESOLVE:

Establecer unha **veda** para a pesca do **choco** na **Ría de Pontevedra**, por dentro das liñas de referencia do anexo III que aparecen reflectidas no citado Decreto 15/2011, dende o día seguinte da recepción desta resolución ata o 31 de outubro de 2016.

Así mesmo, queda prohibida a captura, tenencia a bordo, transbordo, comercialización ou venda de desta especie con calquera das artes incluídas no devandito Decreto 15/2011. As capturas accidentais deberán ser devoltas ao mar.

Do mesmo xeito, esta veda inclúe tamén á pesca marítima de recreo segundo a Lei 11/2008, do 3 de decembro, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, de pesca de Galicia que, establece no seu artigo 26-1 "Seranlle aplicables á pesca marítima de recreo as medidas de protección e conservación dos recursos pesqueiros establecidas para a pesca marítima profesional".

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada no prazo dun (1) mes, contado dende o día seguinte ao da súa publicación, ante a Conselleira do Mar, de conformidade co disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2016

O director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Juan Carlos Maneiro Cadillo

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Pesca,
Acuicultura e Innovación TecnolóxicaEdificios Administrativos San Caetano, s/n.
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740

- A resolución do 28 de xaneiro de 2016 pola que se autoriza o plan de pesca de anguía para as confrarías de pescadores da Ría de Vigo.

Examinados os informes técnicos correspondentes, onde se constata que a partir do mes de xuño a porcentaxe de individuos xuvenís capturados incrementábase nun 80% respecto a meses anteriores, nos que se recomenda limitar o emprego das diferentes artes de pesca nas zonas máis interiores das rías (por dentro do anexo III), e consultado o sector na zona, esta Dirección Xeral

RESOLVE:

Establecer unha **veda** para a pesca do **choco** na **Ría de Vigo**, por dentro das liñas de referencia do anexo III que aparecen reflectidas no citado Decreto 15/2011, dende o 1 de agosto ata o 31 de outubro de 2016.

Así mesmo, queda prohibida a captura, tenencia a bordo, transbordo, comercialización ou venda desta especie con calquera das artes incluídas no devandito Decreto 15/2011. As capturas accidentais deberán ser devoltas ao mar.

Do mesmo xeito, esta veda inclúe tamén á pesca marítima de recreo segundo a Lei 11/2008, do 3 de decembro, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, de pesca de Galicia que, establece no seu artigo 26-1 "*Seranlle aplicables á pesca marítima de recreo as medidas de protección e conservación dos recursos pesqueiros establecidas para a pesca marítima profesional*".

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada no prazo dun (1) mes, contado dende o día seguinte ao da súa publicación, ante a Conselleira do Mar, de conformidade co disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2016

Director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica



Juan Carlos Maneiro Cadillo